

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA EN COCIÑA E RESTAURACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

DECLARA:

Que a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou o 28 de setembro de 2022 co Concello de Sanxenxo o convenio de colaboración educativa para a impartición de ensinanzas de Formación Profesional Básica en Cociña e Restauración por un período de vixencia que abrague os cursos 2022/2023 e 2023/2024.

O convenio ten por obxecto establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Sanxenxo, para implantación de ensinanzas de formación profesional básica da familia profesional de Hostalería e Turismo neste concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro: Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación do sistema integrado de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda ás demandas sociais, con eficacia e transparencia, a través das diferentes modalidades formativas. Esta lei, no seu artigo 9, di que a formación profesional abrangue un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diferentes profesións, para o acceso ao emprego e para a participación na vida social, cultural e económica.

Segundo: Que no artigo 3 do Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, establécese que estas ensinanzas forman parte das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e deben responder a un perfil profesional e ordénanse en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable. O seu perfil profesional incluírá polo menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais,



establecido no artigo 7 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Terceiro: Que de acordo coa Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión a estas ensinanzas, establece que os ciclos formativos de formación profesional básica:

- a) Entre as súas finalidades, contribuirán a que o alumnado adquiera ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.
- b) A súa duración é de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo, e organízanse en módulos profesionais de duración variable.
- c) A súa oferta está destinada ao alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas, regulados no artigo 15 do Decreto 107/2014, e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.

Cuarto: Que o Concello de Sanxenxo quere ampliar a oferta de ensinanzas de formación profesional no seu concello e está disposto a colaborar aportando o uso das instalacións trala reconversión do antigo CEIP O Cruceiro en talleres de hostalería, así como os equipamentos necesarios para ter oferta de ensinanzas de formación profesional básica de ciclos formativos de grao básico da familia profesional de Hostalería e Turismo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

